



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de maio de 2024, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa "Vigo en Festas" (10136-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a 10este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

- OVEJERO SEQUEIRO, S.L.
- MANANTIAL DE IDEAS, S.L.

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

- PREMIUMCOVER, S.L. En concreto deberá:
 - Presentar novo DEUC, asinado polo seu representante, no que aclare se acude a esta licitación con solvencia de terceiros ou non, xa que no DEUC presentado, á pregunta "*¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?*" do apartado C, da parte II, contesta que non pero presenta Anexo III co compromiso de achega de solvencia da mercantil GESTIONTICKETS.ONLINE, S.L.
 - En caso de basearse na capacidade deste terceiro, é necesario que presenten o DEUC correspondente da mercantil que aporta a solvencia, asinado polo seu representante, tal e como establece a cláusula 14.3.a) do PCAP ("*Así mismo, nos casos nos que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas, deberá incluír o compromiso escrito destas entidades para tal efecto, consonte ao modelo previsto no Anexo III deste prego e cada unha delas deberá presentar un DEUC.*")
- THE TICKET COMPANY, S.L. En concreto deberá:
 - Presentar novo Anexo III asinado polo representante da empresa que vai aportar as solvencias, xa que no presentado non hai constancia dixital da sinatura.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/05/2024 14:19	Páxina 1 de 2
10136-335	CSV: A7A14H-842F22-AD425C-LG4NNE-82PW55-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Presentar o DEUC da mercantil que se presenta a esta licitación, THE TICKET COMPANY, S.L., asinado polo seu representante.
- Presentar novo DEUC da mercantil que aporta a solvencia, NETBERRY SERVICIOS DE INTERNET, S.L., asinado polo seu representante, no que aclare a resposta á pregunta “¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?” do apartado C, da parte II, xa que, no DEUC presentado, indica que si se presenta con terceiros á licitación pero, pola documentación que consta, NETBERRY SERVICIOS DE INTERNET, S.L. é o terceiro que aporta solvencia.

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (“As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante”), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/05/2024 14:19	Páxina 2 de 2
10136-335	CSV: A7A14H-842F22-AD425C-LG4NNE-82PW55-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		